



O INCIO



GUÍA DO PATRIMONIO

■ **PATRIMONIO ARQUEOLÓGICO**

■ **PATRIMONIO NATURAL**

PATRIMONIO ARQUEOLÓGICO

- CASTROS
- PETRÓGLIFOS
- NECRÓPOLES

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

► CASTROS

- Os poboados castrexos, que datan da Idade do Ferro fundamentalmente, esténdese por todo o territorio do Concello, o que da mostra de que o seu territorio foi poboado dende tempos inmemoriais.

Esta cultura castrexa sitúase entre os séculos VII e II a.C., aínda que boa parte dos castros do Incio se sitúan sobre o século V a.C. con posteriores actuacións xa pertencentes ao período romano.

- No Concello de O Incio podemos atopar máis de 20 castros identificados e localizados, o que dá idea da cantidade de asentamentos que, desde fai séculos, escolleron poboar estas fermosas e onduladas terras.

A maioría destas construcións atópanse en lugares altos e de fácil defensa polo que dende a súa situación poden observarse fermosas e amplas panorámicas. Estaban protexidos por murallas e na maioría dos casos de foxos defensivos, con formas variables predominando as circulares e elípticas.

- As súas características descríbense na presente Guía a partir da documentación existente sobre os mesmos porque na actualidade encóntranse na súa maior parte cubertos de maleza e sen escavar ou alterados polas labores agrícolas o que dificulta a súa visita. A importancia destes asentamentos e o seu valor patrimonial lévanos a incluílos no Mapa e na Guía do Patrimonio.

Castro de Santa Cristina

ARQUEOLÓXICO • Asentamento - Castro



■ LOCALIZACIÓN:

O VISO - Santa Cristina.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio saímos pola estrada LU-642 con dirección ao Oural. Pasado o km 8, e antes de chegar ás primeiras casas de Buxán, colleremos por unha estrada a man dereita que nos levará directamente a Santa Cristina.

Para chegar ao castro debemos cruzar o lugar por rúas estreitas sendo recomendable non entrar con vehículos no núcleo.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

O castro está practicamente destruído pola actividade agraria e polas construcións que se atopan no entorno.

■ ENTORNO:

Sitúase nun outeiro, moi cerca da confluencia entre os ríos Mao e Penalba. O entorno está ocupado pola aldea, terras de cultivo e praderías.

No recinto do castro atópase a igrexa xunto co camposanto e un local social na antiga escola.

■ EPOCA:

Idade do Ferro.

■ DESCRICIÓN:

O Castro de Santa Cristina sitúase no lugar sobre o que se levanta a actual igrexa parroquial e o seu camposanto, así como unha antiga escola sen uso desde fai anos que agora é empregada como local social.

Desde este lugar podemos observar o entorno formado polos bosques autóctonos que se divisan na outra vertente do Penalba e que dan mostra da privilexiada localización para protexerse dos ataques inimigos.

Segundo os estudos realizados deste castro podería medir no eixe norte-sur uns 45 metros aproximadamente e no eixe leste-oeste uns 70 metros. Actualmente, a pesar de que o castro está moi alterado, aínda se pode distinguir o seu socalco superior. O que non conserva son sistemas defensivos artificiais.

Está documentado o achádego de tumbas de laxas de lousa galaico-romana, polo que se fala da existencia dunha necrópole mixta de incineración e inhumación que estaría situada na acrópole do castro: dedúcese da existencia de sepulturas alargadas con laxas de lousa e restos óseos no seu interior e caixas máis pequenas de lousa con cinzas.

Támén se atoparon restos de “terra sigilata”, restos de vidro e algunhas moedas romanas.

■ CURIOSIDADES:

Existe neste lugar unha historia relacionada co príncipe Mahzmuth, o que fora cidadán de Mérida, ata que fuxiu da corte do Califa de Córdoba Abderramán, despois dunha longa guerra. A súa fuxida levouno a terras galegas, onde foi acoillido polo Rei de Galicia. Despois de pasar sete anos en paz levantouse en armas, axudado polos sarracenos, e comezou a asolar estas terras ata que se veu a refuxiar, para a súa defensa, neste castro. Cando o Rei asturiano Alfonso II se enterou mandou ás tropas a sitiar o castro ata que acabou por matar a Mahzmuth.

Conta a lenda que unha vez reconquistado o castro pasaron polo coitelo a 50.000 sarracenos, tinguindo de vermello, co seu sangue, as augas do río Mao ata a súa chegada a Belesar.

Roda do Castro ou Castro de Goó

ARQUEOLÓXICO • Asentamento - Castro



■ LOCALIZACIÓN:

GOO - Goo.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio collemos a estrada LU-642 en dirección ao Oural. Pasado o km 7 e antes de chegar a Bermún colleremos a man esquerda pola estrada LU-P-0909. Despois de 850 metros debemos subir a man esquerda por un pasteiro ata pasar un depósito de auga desde o que xa veremos o castro.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

O castro atópase alterado, aínda que, cando non está cuberto pola maleza, pode verse definida a súa “roda”.

■ ENTORNO:

Atópase no alto do monte que leva o seu nome, que actualmente é aproveitado como pasteiros para o gando. Desde este lugar existe unha gran panorámica.

■ EPOCA:

Idade do Ferro.

■ DESCRICIÓN:

Este castro, que se sitúa a unha cota aproximada de 700 metros, preséntase como un recinto case circular que contén unha dobre muralla defensiva e un amplo foxo intermedio.

A acrópole conta cunhas dimensións aproximadas no eixe norte-sur de 43 metros, e no eixe leste-oeste duns 42 metros. A súa posible entrada orixinal parece estar orientada ao leste.

O primeiro parapeto contaba cun terraplén cunha caída de 5 metros, mentres que o segundo tiña uns 4 metros.

Esta segunda muralla defensiva atópase hoxe en día bastante alterada polas labores agrícolas, xa que practicamente non se pode atopar ningún resto deste segundo parapeto a excepción do seu lado leste.

■ CURIOSIDADES:

Este castro é denominado polos veciños como A Roda do Castro pola súa forma practicamente circular.

A tradición oral relaciónao co seu orixe mouro e cóntase que na súa croa atópase un burato que foi feito para buscar o ouro que existía no castro, xa que parece ser que o esconderon nunhas olas de barro que están encantadas.



👁 Vista do encoro desde o Castro

Castro da Roda ou Castro de Vilarxoán

ARQUEOLÓXICO • Asentamento - Castro



■ LOCALIZACIÓN:

VILARXOÁN - Vilarxoán.

■ ACCESOS:

A algo máis de 9 quilómetros de A Cruz do Incio pola estrada LU-P-2503, que pasa por Foilebar, chegamos a Vilarxoán. Debemos entrar na aldea e torcer por un camiño que sae á dereita da igrexa. Unha vez pasados dous regatos, o camiño sobe bordeando o castro.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Chega bastante alterado polas constantes agresións das actividades agrícolas.

■ ENTORNO:

Pode encontrarse sobre un pequeno esporón montañoso entre dous regatos, que colinda con Samos. É unha devesa de carballos, nunha zona de monte, terras de labor e praderías.

■ EPOCA:

Idade do Ferro (castrexo romanizado).

■ DESCRICIÓN:

Este castro é de orixe castrexa, aínda que posteriormente romanizado, atópase nunha zona bastante montañosa, situándose sobre un pequeno outeiro protexido por dous pequenos regos.

No que respecta á súa situación actual aínda se poden atopar restos dos muros da acrópole central, que se presenta moi indefinida e cun tamaño relativamente pequeno. Esta contén varias plataformas circundantes que se definen por cortes case verticais, alcanzando ata os 15 metros de altura nalgúns puntos.

■ CURIOSIDADES:

A tradición oral do lugar asegura que as mouras do castro saían a estender as sabas xa lavadas e os que por alí pasaban quedaban cativados ata rematar soterados.



Agro do Castro ou Pena do Castro

ARQUEOLÓXICO • Asentamento - Castro



■ LOCALIZACIÓN:

EIREXALBA - As Cortellas.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio seguiremos a estrada LU-644 ata o km 9 no que nos desviaremos a man dereita en dirección a As Cortellas. Antes de chegar ás primeiras casas atoparemos un desvío a man dereita que nos conducirá a Novelín. Uns 300 metros despois do desvío atoparemos un sendeiro bastante descoidado a man esquerda, que nos levará ata o castro.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Está alterado e sen escavar, aínda que se pode distinguir a súa forma con bastante claridade.

■ ENTORNO:

Atópase nun outeiro alongado rodeado de castiñeiros e carballos. No entorno atópase a Fonte da Lama e praderías con pequenas fragas intercaladas.

■ EPOCA:


Idade do Ferro.

DESCRICIÓN:

Este castro ten forma alongada e está formado por dous recintos. O interior do recinto principal mide aproximadamente no eixe noroeste - sueste uns 60 metros e no eixe nordeste - suroeste uns 22 metros

O segundo recinto é unha terraza situada a menor altura, que remata no noroeste cun terraplén duns 5 metros de altura, ao que segue un foxo duns 6 metros de ancho e outro parapeto que acada no interior do foxo uns 5 metros de altura.

A acrópole conserva parapetos no noroeste e sueste, alcanzando este último no exterior uns 6 metros de altura, ademais de atopar en varios puntos vestixios de muros de xisto.



Aínda que nos castros do Concello do Incio non se realizaron os traballos arqueolóxicos necesarios para coñecer algo máis da súa historia castrexa, co paso dos anos veñen aparecendo pequenos tesouros que nos dan mostra da historia que o Concello posúe aínda baixo terra.

Estes son algúns dos castros que contan con certo interese:

■ Tras da Aira (Airexe)

O castro atópase na parroquia de Rendar, á altura do km 18 da estrada LU-642, que nos leva de A Cruz ao Oural. A man esquerda, por detrás das casas de Paredes, podemos intuír a súa localización.

Hoxe en día o castro practicamente non se aprecia, xa que se atopa nunha zona próxima ás casas, onde se vén desenvolvendo a actividade agraria desde fai décadas.

Descoñécese a súa cronoloxía, pero pode ser un dos máis grandes do Concello cun diámetro de 90 metros e protexido por un tripo foxo.

Nos anos 30 apareceron nas fincas un torques áureo de 112 gramos de peso e sección cuadrangular, traballado a martelo e de factura tosca e dous brazaletes de factura semellante ao torques.

Están documentados achádegos como o dun machado pulido de basalto, restos de muíños de man e anacos de cerámica. Na acrópole apareceu un depósito de machados de talón que foi espoliado. Tamén se identificou unha construción que ben puidera ser un silo.

■ A Roda Alta ou Castro de Castragude

O castro, que pertence ao período castrexo xa romanizado, atópase na parroquia de A Cervela, lindando coa parroquia de Nespereira, do Concello de Sarria. Queda a man esquerda da pista que une A Poza e Castragude, moi preto do Casarío de Castragude.

Sitúase na cima dun monte cunha gran panorámica, pero en mal estado de conservación e coa muralla agredida por “cazatesouros”.

Consta dun recinto de forma elíptica ao que os veciños chaman “Roda Alta”, que se atopa rodeado por unha gran terraza da mesma forma, coñecido polo nome de “Roda Baixa”. O interior do recinto principal mide uns 90 metros no eixe norte-sur e 50 m no eixe leste-oeste.

O sistema defensivo consta de terraplén e parapeto, este último sómente conservado na parte meridional, completado cun segundo foxo e parapeto. No sector occidental estas estruturas están moi alteradas a causa da extracción de pedra.

Está documentada a aparición de restos de cerámica e escorias de fundición, así como unha pila granítica e pedras de muíño.

■ Castro de Hospital

Para chegar ao castro, que se atopa na parroquia de Hospital, debemos ir pola estrada LU-P-2503, que vai de A Cruz do Incio a Foilebar. Antes do km. 2, a man dereita, debemos avanzar, nunha zona de terras de labradío, uns 50 metros ata chegar ao castro.

Atópase bastante alterado polas actividades agrícolas, acentuadas no antecastro da zona oeste, onde xa é difícil percibir o terraplén.

Trátase dun dos castros de maior tamaño do Concello que pertence á Idade de Ferro (castrexo-romanizado). Está formado por unha acrópole circular que ten uns 55 metros de diámetro e que se atopa rodeada por un parapeto, cunha altura de 2 a 3 metros. Nalgúns puntos do parapeto aflora un muro pétreo na cara externa.

No oeste comeza unha plataforma como un antecastro, podéndose apreciar en boa parte un muro de contención, que podería ser moderno, ao menos parcialmente. Esta plataforma ten unha anchura máxima de 25 metros.

■ Castro de Igrexario

É da Idade do Ferro e atópase na parroquia de Trascastro. Chégase ata el desde A Cruz do Incio pola estrada LU-642, en dirección A Ferrería. Ao pasar o km. 18 xiraremos a man esquerda pola pista asfaltada que accede a Trascastro por A Moura. Ao longo desta pista iremos bordeando o castro pola nosa marxe dereita.

Está gravemente alterado, e sen descubrir, aínda que se atopa rodeado dunha fraga e pasteiros desde os que se poden ver varios muros de pedra.

A morfoloxía do castro está definida por un recinto central e varias terrazas anexas, cunhas dimensións aproximadas no eixe norleste-suroeste de 75 m, e no eixe noroeste-sueste de 50 m.

A acrópole conserva no suroeste e oeste algúns metros de muro, ao que segue un foxo cortado na rocha e que o separa do outeiro. Tamén no outeiro se forma como unha plataforma amesetada alta e no seu perímetro hai vestixios de muros de contención.

■ Castro de Castelo

O castro, pertencente á Idade do ferro, atópase no lugar de Castelo, ao que podemos acceder desde a C-546 polo desvío que atopamos en Noceda. Saíndo da aldea seguimos cara o norte e na marxe esquerda da estrada está o castro.

Atópase alterado pola actividade agraria, pois boa parte do seu espazo físico atópase transformado en terreo de cultivo.

O castro, que se atopa nun monte ao norte da aldea, á que seguramente cedeu o nome, está formado por un único recinto de forma elíptica cunhas dimensión no eixo nordeste - suroeste de 55 metros e de 65 metros no eixo noroeste - sueste. As defensas redúcense a un terraplén, que alcanza no noroeste uns 5 m de altura.

A comezos do século XX apareceron no seu interior unhas placas de ouro e un torques. Tamén están documentados achádegos de muíños circulares, machetes de pedra pulida e elementos de cerámica.

Aínda hoxe afloran fragmentos de terra sigilata ao realizar labores agrícolas.

■ Castro de Lebón

Este castro que pertence á Idade do Ferro atópase na parroquia de Reboiro, próximo a aldea de Lebón. Para chegar ata el debemos ir desde A Cruz ata o km 8 da estrada LU-641, onde se sitúa Lebón, desde onde colleremos un camiño á esquerda que nos deixará despois duns 100 metros no castro.

Si en Lebón xiramos a man dereita poderemos chegar a **Castro de Arriba**, onde poderemos atopar outro castro ao que se accede desde un camiño da aldea.

Sitúase nun pequeno outeiro na confluencia do río Mao co rego de Castro e non se atopa moi alterado, aínda que tampouco se pode observar ao non estar escavado o entorno.

Está formado por un recinto principal de forma ovalada e unhas medidas no eixo noroeste - sueste duns 100 metros e no eixe norleste - suroeste duns 75 metros. Conta ademais con dúas plataformas secundarias, a terraza do noroeste ten 20 metros de anchura máxima e conserva muros de contención, mentres que a terraza do nordeste é máis pequena, duns 8 metros de ancho.

Neste castro tamén están documentados achádegos de cerámica.

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

► PETRÓGLIFOS

- Os antecedentes da escritura que datan das épocas do neolítico e que consisten en deseños simbólicos gravados en pedra tamén se encontran no territorio do Concello de O Incio, o que dá mostra de que se encontraba poboado dende aproximadamente 10.000 anos antes de Cristo.
- A maioría destes gravados pertencen a Idade de Ferro e de Bronce con diversas formas, fundamentalmente cazoletas, ferraduras e formas antropomorfas. As imaxes foron gravadas en pedra con diversos métodos picado, raiado, incisión ou desgaste, empregando paus, pedras ou osos. A súa finalidade foi a de transmitir unha historia por medio do gravado de feitos históricos, xeolóxicos ou con intencións rituais.
- A súa localización nalgúns casos e as labores agrícolas e da po-boación moderna noutros, así como o paso do tempo, poñen en perigo a súa conservación, o que dificulta a súa visita chegando a facela imposible no caso de dous deles que se encontran á beira do encoro de Vilasouto que os cubre coas súas augas en determinadas épocas do ano. Dende o seu entorno pódense apreciar fermosas vistas panorámicas do Concello.

Petróglifos da Ruta do Ferro

ARQUEOLÓXICO • Petróglifo



■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - TRASCASTRO.

■ ACCESOS:

Para ver estes petróglifos iremos desde A Cruz do Incio, pola estrada LU-642, ata A Ferrería. Antes de chegar a esta aldea hai que desviarse a man dereita por unha pista asfaltada que nos leva á Fonte do Balneario. Desde aquí subiremos por unha pista de terra ata chegar a outra que vai a media ladeira e é coñecida como a Ruta do Ferro.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Os petróglifos non se atopan en

perfecto estado polo paso do tempo, aínda que a ruta está ben mantida e pode distinguirse algún deles.

■ ENTORNO:

Desde esta serra onde afloran os estratos de xisto pódese contemplar unha das paraxes máis espectaculares do Concello, pois desde as tres localizacións dos petróglifos existen bonitas panorámicas do Val do Incio e do Val do Cabe.

■ EPOCA:

Idade de Ferro (período rupestre).

■ DESCRICIÓN:

Esta é unha das rutas máis coñecidas do Concello polas minas de ferro que se atopan e pola paisaxe que se pode divisar ao longo da camiñada.

Atopamos tres petróglifos desde os que se poden ver unhas panorámicas excelentes:

• Pedra Escrita:

Este petróglifo, que practicamente non se aprecia, é o primeiro que vemos saíndo da Fonte do Balneario. Desde a pista de terra iremos a man dereita por un sendeiro que nos levará ata encima da Pedra Escrita.

Non se coñece o significado das representacións que se atopan, aínda que se recoñecen 8 cazoletas e 2 ferraduras, ademais dunha figura antropomorfa.

• Pedra de San Mamede:

Un pouco máis adiante do anterior atopamos a coñecida como Pedra de San Mamede, na que se achan uns petróglifos sobre dúas laxas de lousa onde se representan 10 cazoletas e dous gravados en forma de ferradura

A tradición local di que as incisións da pedra son as ferraduras do cabalo de San Mamede, que dun salto foi ata a pena do Coruxo, en Trascastro.

• Pena do Chao:

Este último petróglifo atópase ao final da ruta, próximo ao monte de Santa Bárbara, desde o que se divisa unha gran panorámica do Val do Incio.

Pódense divisar varios petróglifos a modo de cazoletas na propia rocha que fai de miradoiro.



👁 Panorámica desde a Pedra de San Mamede

Agro do Pepe da Ferrería

ARQUEOLÓXICO • Petróglifo



PETRÓGLIFOS

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

■ LOCALIZACIÓN:

VILASOUTO - Vilasouto

■ ACCESOS:

Desde a estrada LU-644 iremos desde A Cruz do Incio ata o lugar de Laiosa, onde nos desviaremos a man dereita por unha estrada que pasa por Belesar e pola presa de Vilasouto ata chegar á aldea.

Se vimos pola estrada C-546, debemos desviarnos a man esquerda en Noceda e seguir pola estrada que nos leva por Calvos ata Vilasouto.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Apreciable segundo o nivel de auga do encoro.

■ ENTORNO:

Atópase a uns 200 metros ao sueste da igrexa vella de Vilasouto, na zona de asolagamento do encoro, polo que en moitas ocasións non é posible acceder ata el.

■ EPOCA:

Idade do Bronce.

■ DESCRICIÓN:

Estes gravados prehistóricos atópanse situados en sendas rochas de lousa na área de asolagamento do encoro, polo que durante boa parte do ano non poden verse.

Nos petróglifos do Agro do Pepe da Ferrería atópase representada unha figura semiesquemática, ademais de 14 figuras cruciformes, 11 ferraduras e moitas cazoletas.

Pode verse que foi realizado cun trazo profundo e irregular.

Moi preto do anterior atópase a Pena da Ferradura, aínda que este está sempre baixo as augas do encoro. Este petróglifo está composto de 9 pedras con gravados dunha época aínda sen determinar.

As figuras representadas son:

1. figura antropomórfica, feita con cazoletas unidas por canles, ademais de ferraduras, cazoletas e trazos alteriformes.
2. dúas ferraduras e dúas cazoletas.
3. oito ferraduras, cinco cazoletas e unha ferradura con remate de cazoleta.
4. dúas ferraduras e catorce covañas.
5. cadea formada por ferraduras unidas.
6. unha cazoleta con apéndice caudal.
7. unha ferradura e cinco cazoletas.
8. dúas ferraduras e outro motivo de difícil clasificación.
9. trece ferraduras.

Tamén está constatada a existencia doutro petróglifo no Agro de Trasmonte, aínda que non se pode acceder con facilidade ao lugar onde se sitúa a pedra coas inscricións.

Pena Escrita (de Treimonte)

ARQUEOLÓXICO • Petróglifo



■ LOCALIZACIÓN:

RENDAR - No límite parroquial.

■ ACCESOS:

Desde a estrada LU-644, que sae de A Cruz do Incio, baixaremos ata pasado o km 10, onde nos debemos desviar a man dereita en dirección a Novelín; a pouco máis dun quilómetro atópase un sendeiro a man dereita que leva ao Castro de Roda e ao petróglifo.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Non se pode ver ao non estar descuberto e tamén invadido pola maleza.

■ ENTORNO:

Atópase nun outeiro que domina o val do rego de Ribeira e a parroquia de Rendar.

■ EPOCA:

Idade do Bronce.

■ DESCRICIÓN:

Sitúase sobre a última laxa de xisto antes de començar a baixada e representa seis cazoletas, tres delas enlazadas por un canal inciso pouco profundo.

Petróglifos do Monte das Seixas

ARQUEOLÓXICO • Petróglifo



■ LOCALIZACIÓN:

A CERVELA - Monte das Seixas.

■ ACCESOS:

Para chegar aos petróglifos recoméndase acceder desde a estrada C-546 desviándonos a man dereita á altura de Pacio do Río en dirección a Vilar da Vara. Seguiremos a estrada ata pasar Fruxil e a man esquerda atoparemos o Monte das Seixas.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Sitúanse nunha zona de matogueira e non son moi accesibles.

■ ENTORNO:

O conxunto atópase nunha zona de monte con pasteiros no entorno desde o que se pode contemplar unha boa panorámica que mellora achegándonos ao Marco da Matanza pola mesma estrada.

■ DESCRICIÓN:

Os petróglifos son unhas covachas feitas nunhas rochas no Monte das Seixas, próximos a unha zona con túmulos, que ao estar en terreos de cultivo, cada vez se atopan máis degradados.

Tamén existe outro petróglifo preto de Fruxil sobre unha rocha arxilosa.

Petróglifos na Serra de Santa Mariña

ARQUEOLÓXICO • Petróglifo



■ LOCALIZACIÓN:

O VISO - Serra de Santa Mariña.

■ ACCESOS:

Para chegar aos petróglifos recoméndase acceder desde a estrada LU-642 ao pasar o km 8 en dirección ao Oural. Xusto antes das casas de Buxán desviarémonos a man dereita cara Santa Cristina. Pasado un quilómetro desviarémonos a man esquerda por un camiño que nos leva ao petróglifo.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópanse en bastante bo estado de conservación.

■ ENTORNO:

Os petróglifos están dentro dunha explotación de cabrún no Monte Veciñal en Man Común de Santa Cristina, polo que non se recomenda a visita sen ir acompañado por algún dos comunei-ros.

■ DESCRICIÓN:

Existen dúas rochas bastante próximas que conteñen varios petróglifos debuxados, sendo a maioría deles cazoletas.

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

► NECRÓPOLES

- A cultura megalítica destacou pola construción de monumentos funerarios, empregando para tal fin enormes bloques de pedra. Data da época neolítica, constituíndo un importante depósito desta cultura, romanizada nalgún caso.
Na súa maior parte constan de varios túmulos en forma circular como sistema de defensa e en varios deles atopáronse pezas antigas e restos óseos.
- Os lugares destinados a enterramentos, tamén denominados modorras, teñen unha importante presenza e valor patrimonial no territorio do Concello de O Incio, destacando especialmente a necrópole de Santa Mariña, posto que é unha das maiores concentracións de arquitecturas tumulares do Noroeste Peninsular e foi declarada Ben de Interese Cultural no ano 2006.
- Na actualidade encóntranse nun estado de conservación alterado polas labores agrarias e o paso do tempo, incluso soterradas nalgúns casos. Dende a súa localización pódense contemplar unhas amplas vistas panorámicas.

Necrópole de Santa Mariña

ARQUEOLÓXICO • Necrópole - B.I.C.



■ LOCALIZACIÓN:

O VISO - Serra de Santa Mariña.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-641 que nos levará polo Val do Mao ata Samos. Pasado Veiga de Arriba subiremos ata o alto da serra onde atoparemos unha pista a cada man. Se seguimos pola pista de terra da man esquerda chegaremos aos túmulos.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Unha boa parte dos túmulos atópanse destruídos ou cubertos de terra e maleza, aínda que hai algúns en boas

condicións nos que se ven as laxes que formaban os túmulos.

■ ENTORNO:

Sitúase esta necrópole na Serra de Santa Mariña, ocupando parte do límite dos Concellos de O Incio, Samos e Sarria. A vexetación existente é a típica do monte baixo e o substrato é de lousas e xistos. Está localizada no entorno do val do Mao, onde poderemos contemplar unhas panorámicas magníficas.

■ ÉPOCA:

Entre o Neolítico final e o Bronce Inicial (Entre os séculos IV e II a.C.).

■ DESCRICIÓN:

Esta necrópole esténdese, ademais de polo Concello do O Incio, pola parroquia de Formigueiros en Sarria e de Loureiro no Concello de Samos, sendo unha das necrópoles máis relevantes de todo o noroeste peninsular.

No Monte de Santa Mariña localízanse 44 elementos arqueolóxicos, dos que 40 pertencen a túmulos ou medorras, tres a gravados rupestres e tamén podemos atopar un camiño real (máis moderno).

Os montículos que podemos ver son antigos lugares de enterramento chamados mámoas ou medorras que, neste caso, están dispostos en forma circular como sistema de defensa e unha parte deles están agrupados de tres ou catro.

A importancia desta necrópole ven dada, ademais de polo gran número de medorras, pola diversidade nas súas dimensións e polos restos das antas que se poden ver. Destaca a ocupación do espazo funerario, pois en varios casos a construción dun monumento realízase practicamente sobre a periferia da masa tumular doutro ou o emprazamento xerárquico no caso de tres elementos.

Tamén se atopaba nesta Serra de Santa Mariña unha capela que veneraba á Virxe do mesmo nome e que foi levada ao veciño de Concello de Sarria por un cura que, segundo conta a lenda, quedou cego despois de mover a Virxe da súa localización orixinal.

No lugar que ocupaba a capela, hoxe podemos atopar unha pequena depresión que formou unha lagoa artificial que modificou a vexetación das súas beiras e que pode secarse nos meses de verán. Nun dos seus lados atopamos o chamado “tempo do tempo”, que é unha pedra grande que, segundo se conta, era levantada ou tombada cando os veciños das cinco parroquias que dividía o lugar se poñían de acordo en querer que o tempo cambiara.



👁 Lagoa de Santa Mariña e o Tempo do tempo

A Medorra de Cereixido

ARQUEOLÓXICO • Necrópole - Túmulo



■ LOCALIZACIÓN:

STA. MARÍA DO MAO - Serra do Édramo.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-641 que nos levará polo Val do Mao ata Samos. Pasado Veiga de Arriba subiremos ata o alto da serra onde atoparemos unha pista a cada man. A man dereita colleremos unha pista de terra que nos levará ao Castro de Formigueiros e despois ao Campo de Valentín e A Medorra.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

A medorra non pode observarse ao estar soterrada e gravemente alterada.

■ ENTORNO:

Sitúase nunha planicie con pequenas ondulacións que se localiza na cima da Serra do Édramo, cunha vexetación de monte baixo.

■ ÉPOCA:

Período Neolítico.

■ DESCRICIÓN:

Esta Medorra atópase na Serra do Édramo, continuación natural da Serra de Santa Mariña, na que tamén podemos achar as chamadas Medorras do Campo de Valentín e, pertencente ao Concello de Samos, o Castro de Formigueiros.

A Medorra é un túmulo megalítico que sufriu diversas agresións que a veñen desvirtuando; mide no eixe norte-sur uns 21 metros e no eixe leste-oeste uns 18 m, alcanzando unha altura de 1,75 metros.

Pódese ver un montículo de terra con moita pedra de xistos nos arredores que tal vez pertencera á coiraza. Tamén se observan restos de pedras que poderían ser da cámara.

Desde o camiño que sae da estrada atopamos outra necrópole denominada como o ***Campo de Valentín***, da que non se aprecian practicamente os túmulos megalíticos que existen no lugar.

Un pouco antes poderemos atopar o ***Castro de Formigueiros***, que pertence ao Concello de Samos e no que xa se realizaron traballos arqueolóxicos que permiten comprobar a estrutura do castro.

Modorro de San Pedro

ARQUEOLÓXICO • Necrópole - Túmulo



■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - San Pedro.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola estrada LU-642 ata Hospital, onde nos desviaremos a man dereita pola estrada LU-653 que vai ata a Pobra de Brollón. Despois de pasar Dompniñor, case á altura do km 16 debemos desviarnos a man esquerda ata cruzar as rúas estreitas de Saa e baixar ata a ponte que cruza o Cabe para chegar a man esquerda ao campo da igrexa desde o que veremos o Túmulo.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase alterado e practicamente cuberto pola maleza, polo que só se intúe a súa forma.

■ ENTORNO:

Sitúase nun outeiro ao pé do val do río Cabe, moi preto do conxunto da igrexa, casa reitoral, cruceiro e presa de San Pedro. A vexetación é de carballos e monte baixo de fentos, xestas, silvas e toxos onde está a Medorra.

■ ÉPOCA:

Estímase que pertence á época Romana.

■ DESCRICIÓN:

Esta é unha necrópole castrexa romanizada formada por un pequeno montículo case circular rodeado na súa totalidade por unha estreita plataforma, de 3 a 5 metros de ancho, co seu correspondente terraplén. No sur é posible que houbera un foxo.

O diámetro do montículo é duns 39 metros aproximadamente.

A Medorra atópase bastante alterada na actualidade, xa que a pista de acceso corta algo da plataforma no seu sector norte e a pista que vai polo sur parece que encheu o foxo que viría inmediatamente despois da plataforma.

Na zona norte documéntase a realización de dúas escavacións no 1968. Nunha delas atopouse unha tumba de laxas de lousa de forma rectangular (1'8 x 0'41 m) con restos óseos dunha muller de máis de 18 anos e na outra fragmentos cerámicos de gran tamaño e un posible molde para fundición.

O **Modorro Alto** é outro túmulo megalítico que se atopa moi cerca do anterior, situado na ladeira sur e que está nunha situación semellante ao Modorro de San Pedro.



■ Medorra de Bardaos

Na parroquia de San Xoán de Bardaos atópase outro túmulo megalítico dunha época aínda indeterminada que non se pode apreciar pola falta de traballos arqueolóxicos e pola maleza que existe na zona.

Para chegar ata el debemos seguir a estrada LU-642 en dirección ao Oural; pasando as casas de Bermún e antes de chegar ao km 5 atoparemos un cruce de estradas, onde nos debemos desviar a man esquerda ata chegar a unha pista de terra a man dereita no alto, preto do Pico do Castelo.

Destaca a gran panorámica que se pode observar desde este lugar, aínda que non vexamos nada da medorra.

■ Túmulos do Monte Carboeiro

No Monte Carboeiro, moi próximo á capitalidade municipal atópase outro túmulo de época indeterminada que tampouco está escavado nin estudado.

Chégase pola estrada DP-4706 que une A Cruz do Incio con Óutara. No lugar onde remata o Concello atoparemos un desvío a man dereita que nos leva ás antenas de telefonía e desde alí ao túmulo.

Ao igual que no caso anterior unicamente destaca pola súa boa panorámica da Presa de Vilasouto e de A Cruz do Incio. As antenas próximas a este túmulo poden verse desde a anterior medorra.

■ Necrópole de Belesar

A necrópole sitúase no entorno da Casa Grande de Belesar, próxima á cabeceira da Presa de Vilasouto e situada no val do río Mao, nun entorno de monte ao que é complicado acceder.

Neste lugar existen referencias da existencia dunha necrópole, pois no ano 1968, descubríronse 7 tumbas de laxes de lousa agrupadas no interior dunha construción. Todas as tumbas estaban orientadas ao oeste e cóntase que sobre unha delas foi realizado o escudo da Casa Grande de Belesar.

■ PATRIMONIO NATURAL

- COVAS
- RÍOS
 - A fonte do Arnado
- ÁRBORES SINGULARES
- PAISAXES



Os diferentes tipos de pedra que podemos atopar no Concello de lugar a diversos aproveitamentos, a espectaculares afloramentos rochosos e tamén a fermosas covas que poden atoparse en diversos lugares.

A formación das covas habitualmente estivo causada pola acción da auga sobre rochas de menor dureza que as ían desgastando ata formarse estes furados, principalmente rochas calcarias que ademais crean formacións moi singulares.

Podemos atopar un gran número de lendas relacionadas con estas covas e sobre a súa profundidade ou ata o lugar ata o que chegaban.

Moitas delas tamén contan cun vínculo co mundo dos mouros e relaciónanse coa súa orixe.

Ao igual que unha boa parte dos caleiros estas covas sitúanse nas proximidades de Toldaos e máis concretamente preto de Bermún polo tipo de rocha que se pode atopar neste entorno.

■ ONDE SE ATOPAN?

As covas máis coñecidas do Concello de O Incio son:

Cova de Bermún: segundo imos pola estrada desde A Cruz do Incio a Oural, a cova atópase á altura do km 6, na aldea de Bermún, apartando á esquerda por unha pista. Ao finalizar esta cóllese un carreiro situado tamén á dereita que leva a un prado onde seguiremos un sendeiro a man dereita; tamén desde a aldea podemos seguir o curso dun pequeno arroio que leva directamente á mesma.

Está situada a unha altitude de 620 metros, sobre unha elevación do terreo, aínda que a maleza dificulta a súa localización e acceso.

Ten unha lonxitude superior aos dous mil metros, que fan que sexa unha das máis grandes do municipio. Na entrada é estreita e despois ten varias salas amplas e incluso un pequeno arroio, que fai que a medida que se avance se fagan pequenos pozos de auga. Tamén se poden atopar vestixios da existencia do home prehistórico.

Queda no dito popular a crenza de que comunica coa cova do Galego e que foi obra dos Mouros.

Cova do Galego: atópase preto da aldea de Viloiira, á que debemos acceder desde a LU-P-0909, onde nos apartaremos por unha pista desviándose a uns 30 m nunha curva cara a dereita en ángulo recto cara a esquerda e seguindo a liña recta a uns 20 m atópase a boca da cova.

Situada a unha altitude de 600 metros foi topografiada por un grupo de espeleólogos do Club Ancares, onde se apunta que ten unha profundidade de 24 m, sendo a boca do pozo case en circunferencia de 4,5 m de diámetro.

Ao estar situada nunha zona onde os materiais pétreos son na súa maior parte lousas, é de supoñer que houbese un tapón calizo que ao disolverse deu lugar á mesma.

Conta a lenda que tamén foi feita polos mouros e, xunto á de Bermún, foron refuxio de Mahzmuth cando se revelou contra o rei asturiano D. Alfonso II.

Cova de Toldaos: desde a aldea de Toldaos, á que se recomenda acceder a pé desde O Sobrado, debemos baixar ata o rego de Penalba, onde por uns prados a man esquerda chegaremos ata a súa boca. Esta é unha pequena cova, que se estima que foi habitada polo home prehistórico, aínda que non foi estudada a fondo.

Cova de Monte Agudo: esta é unha pequeniña e pouco coñecida cova que se atopa no Monte Agudo situado fronte ao encoro de Vilasouto. Na parte máis baixa da ladeira onde se atopa unha ampla depresión sitúase a entrada da cova. Sen dúbida merece a pena contemplar as panorámicas que atopamos desde este alto.

Conta a lenda que esta cova chegaba ata o castro de Belesar, pois tirárase un can que foi saír ao rego que hai preto del.



O valor natural dos cursos fluviais de O Incio reflíctese na protección pola Rede Natura do espazo identificado como LIC Río Cabe que protexe os cursos altos dos ríos Cabe e Mao incluíndo, ademais deste Concello, o de Bóveda, A Pobra do Brollón, Monforte de Lemos, Pantón e Sober.

O paso da auga durante séculos foi modelando os que, hoxe, son uns profundos e frondosos vales en torno aos que se atopan boa parte das aldeas.


Como xa vimos nas páxinas desta Guía unha boa parte do patrimonio etnográfico está vinculado ao decorrer

da auga e á súa forza motriz.

Muíños, presas, canais de rego, lavadoiros, as ferrerías,... gardan o recordo da importancia dos ríos na vida diaria das familias.

Na actualidade nestes vales atopamos desde praderías que fornecen de alimento ao gando ata maxestosos bosques de ribeira con exemplares de chopos de gran tamaño.

Os ríos gardan ademais gran biodiversidade, entre a que destacamos as londras que se poden ver con facilidade na cola do encoro, preto de Mosteiró, animal que dá mostra da calidade das augas deste Concello.



Río Cabe: podemos atopar o nacemento e parte do curso alto deste río no Concello de O Incio para despois continuar o seu decorrer atravesando a vila de Monforte para desembocar finalmente nas augas do río Sil.

O seu nacemento sitúase nun val rodeado de praderías, próximo á aldea de Fontes, polo que para chegar ata alí seguiremos a estrada LU-P-2503 ata Foilebar, desviándonos alí a man dereita, pasando pola igrexa ata chegar a Covelas, onde xa divisaremos o pequeno curso de auga.

A partir de aquí vaise estreitando o val, ao seu paso por Santa Mariña e Río, formando unhas paisaxes de gran valor natural ata chegar a Trascastro, onde xunta as súas augas coas do afluente máis importante, o Antigua, á altura dos muíños de Vila e Sancho. O Cabe sae de Trascastro en dirección a San Pedro e Biduedo, este último xa no Concello de A Pobra, formando o fértil Val do Incio onde se atopa un gran número de aldeas que aproveitaron as súas augas.

Río Mao: as primeiras fontes documentais denominan a este curso de auga como río Humano ou Omano, antes de chegar ao actual río Mao que nace e discorre por boa parte do Concello antes de xuntarse coas augas do río Cabe no Concello de A Pobra do Brollón.

O seu nacemento atópase nas inmediacións das aldeas de Veigas e As Cortiñas, pertencentes á parroquia de San Salvador do Mao.

Entre as parroquias de Eirexalba e Vilasouto atopamos o encoro de Vilasouto que abastece de auga ao regadío de Lemos e que supón a obra de infraestrutura hidráulica de maior dimensións do Concello. Antes de chegar aquí o río Mao forma o amplo e fértil Val do Mao para despois pasar ao pé da Serra de Santa Mariña nun profundo val cunha fragas e soutsos de gran valor natural.

Río Antigua: nace na fonte do Alto de Lamas, á que podemos acceder por un camiño que sae desde A Casela e nos leva ao alto do Castro. É un pequeno río que discorre por un estreito e profundo val ata a súa desembocadura no Cabe á altura de Trascastro, atopando ao longo do seu curso un bo número de muíños e pequenas presas ata chegar á curiosidade natural da Fonte do Arnado moi preto do seu fin.

Río Noceda: este pequeno río que recibe as augas de moitos arroyos, como o de Muíña, Rivado, Freiseiro, Nogueirido,..., sitúase no denominado Incio Baixo, dentro da depresión de Lemos, nunha zona de escasos montes, para rematar o seu curso desembocando no Mao, xa dentro do Concello de Bóveda.


Nos montes que se atopan entre A Ferrería e Foilebar pódense atopar dous regatos que forman uns senlleiros vales que gardan uns bosques autóctonos e unhas paisaxes pouco humanizadas desde a que tamén se poden divisar unhas panorámicas excelentes.

Destacamos a pista de terra que baixa pegada ao regato da Lama ata un depósito de auga no que remata o camiño, así como os vales nos que se atopan os regos das Anduriñas e o do Pozo verde situados cerca do anterior.



A Fonte do Arnado

NATURAL • Ríos



■ LOCALIZACIÓN:

TRASCASTRO - Trascastro.

■ ACCESOS:

Para chegar ata o lugar onde abrolla de novo a auga debemos seguir un sendeiro que deixa o muíño de Vila a man esquerda e sube un pequeno outeiro para baixar de novo ao río.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

O sendeiro que sae desde o muíño cóbrese coa maleza, aínda que se pode pasar con certa facilidade.

■ ENTORNO:

Podemos ver a fonte á saída do sendeiro e poderemos continuar polo

leito seco rodeado por un magnífico bosque autóctono.

Podemos atopar na marxe que dá á estrada de A Ferrería un rego seco no verán e os restos dalgunha ouriceira.

■ DESCRICIÓN:

Esta é unha curiosidade natural causada polo terreo calcario que se atopa no entorno do río, filtrándose a auga no chamado Pozo da Ola e permanecendo seco o río boa parte do ano nun percorrido de preto dun quilómetro ata que volve nacer a auga por debaixo dunhas pedras.



Galicia conta, desde o ano 2.007, cun Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, que inclúe as árbores e formacións senlleiras de maior importancia da Comunidade, xa sexa pola súa antigüidade como pola súa singularidade.

Neste atópanse dúas árbores de gran valor situadas no Concello do Incio e que pertencen a dúas casas señoriais.

Aínda que non están catalogadas podemos atopar outras árbores de gran valor en diversas zonas do Concello, xa sexan mesturadas en bosques de gran valor ou como árbores diseminadas.

Entre as árbores de maior valor do Concello están os castiñeiros, que

xeralmente se atopan en antigos souts aproveitados para a recollida da castaña, destacando por ser centenarios, polo gran volume -xeralmente árbores solitarias- ou pola singularidade causada polos traballos culturais para a mellora das producións que se realizaron nestes souts ao longo dos anos.

Outra das árbores de importancia no Concello é o carballo e as fragas que forman, onde se localizan exemplares excepcionais.

Entre as árbores de ribeira podemos atopar inmensos chopos, excepcionais amieiros, bidueiros, freixos,... que ligado a outros valores naturais e patrimoniais fai que ben mereza a pena coñecer estas ribeiras.

■ ONDE SE ATOPAN?

As árbores do Concello de O Incio incluídas no Catálogo de árbores senlleiras de Galicia son as seguintes:

A primeira é o Camecíparis de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana* - A. Murr.- Parl.) situado na aldea de O Hospital, na casa denominada Pazo dos Quiroga. Esta árbore pode divisarse perfectamente desde a estrada LU-644 á altura da Igrexa e Torre de Hospital.



A segunda árbore é o Plátano de Sombra do Pazo de Dompíñor (*Platanus hispanica* Mill. ex Munchh.) que está situado no Pazo de Dompíñor ao lado da LU-653 que vai de O Hospital a A Pobra do Brollón.

Entre as árbores non catalogadas identificamos algunhas das máis interesantes que podemos visitar con facilidade e que gozan dunha gran singularidade:

Carballo de O Hospital: forma parte da típica estampa do Conxunto da Igrexa e Torre de Hospital, pois atópase á entrada da Igrexa, podendo divisarse perfectamente desde a estrada a ampla e globulosa copa desta árbore.

Carballo de Vilameá: é un magnífico exemplar que se atopa en solitario dentro da aldea de Vilameá, á que accederemos por unha estreita estrada que nos leva á aldea desde un pouco antes de Veiga de Arriba.

Rododendro de A Cruz do Incio: pode atoparse no interior do núcleo ao xirar cara a estrada que vai A Ferrería, nas proximidades do pombal de A Cruz. É unha árbore de gran tamaño e moi vella que se eleva por encima dunha parede para poder chegar a coller os raios do sol. Cando se atopa en plena floración é espectacular.

Souto de O Hospital: podemos atopar neste souto, que se atopa por enriba das casas de O Hospital, uns exemplares moi singulares nas súas formas e cunha gran antigüidade, sendo aproveitadas as súas castañas para a alimentación, pois nos seus arredores atópanse varias ouriceiras.

Támén merece a pena dar unha volta pola capitalidade municipal e observar os magníficos exemplares que se poden encontrar nos xardíns do lado do Concello, os carballos que se atopan ao final da aldea de Novelín, especialmente un deles, ou o carballo que parece querer integrarse nunha das edificacións da Casa do Mao de Trascastro.



O segundo dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 corresponde co LIC Ancares-Courel que ocupa unha superficie de 102.562 has repartidas entre doce concellos, na que afecta lixeiramente á zona montañosa do leste do Concello protexendo 300 has.

Neste espazo protexido de O Courel existe unha gran diversidade nas especies vexetais, pois conflúen dúas tendencias climáticas: a eurosiberiana e a mediterránea, mesturadas nunha xeografía que oscila entre os 400 e os 1.600 m e na que coexisten estreitos e profundos vales con altas e expostas serras montañosas.

A predominancia do solo silíceo mesturada co solo calcario tamén favorece

esta gran diversidade na flora, única en Galicia, pois estímase que ao redor dun 50 % das especies vexetais existentes en Galicia se poden atopar neste espazo que ocupa o 5 % do territorio.

O Incio atópase nun área intermedia no que se refire á súa localización, pois unha boa parte das súas terras sitúase dentro da depresión de Lemos, pero a medida que nos desprazamos cara o leste vanse divisando as primeiras serras en dirección leste-sueste que nos dan a entrada ao Courel, formando unha gran diversidade de paisaxes e cultivos, desde áreas de cultivo de millo, froiteiras, ... ata lugares onde só existen as carqueixas, toxos e uces, pasando por magníficos soutos, fragas ou bosques fluviais.



■ ONDE SE ATOPAN?

Os espazos que identificamos a continuación son unha pequena parte das innumerables posibilidades paisaxísticas que nos permite contemplar a diversidade orográfica deste Concello:

Marco da Matanza: Situado na estrema occidental do Concello de O Incio, fai de límite con Sarria a unha cota duns 700 metros, desde onde podemos divisar a depresión de Lemos na que destaca a paisaxe agraria con amplas praderías mesturadas con pequenas aldeas, monte baixo nos outeiros e pequenos bosques. Desde a magnífica panorámica que se divisa podemos distinguir ao fondo as antenas do Monte Carboeiro e un pouco á esquerda a vila de A Cruz do Incio.

Alto do Castro e Mesa dos Catro Cabaleiros: Situada na estrema oriental de O Incio é unha paisaxe contraria á anterior, cunhas serras máis alongadas e escarpadas e vales profundos con frondosos bosques autóctonos. Este Alto é o punto máis elevado do Concello e permite divisar unhas amplas panorámicas de O Courel e de boa parte das serras que van de A Ferrería e Foilebar.

Baixando pola pista forestal que hai de fronte á caseta forestal e do vértice xeodésico atopamos a **Mesa dos Catro Cabaleiros**, excepcional miradoiro no que existe un conxunto formado por unha mesa circular e catro bancos de pedra, lugar representativo onde se xuntaban os catro alcaldes dos catro concellos que se unen neste punto: O Courel, O Incio, Samos e Pobra de Brollón.

Pico de Santa Bárbara: desde a estrada que vai de San Pedro a Monteagudo chegamos a este Pico situado a 1013 metros, aínda que neste percorrido poderemos contemplar unhas excepcionais panorámicas do Val do Incio e do Pazo de Romariz, así como acceder á Ruta do Ferro e ao Foxo dos lobos.

No desvío que nos leva ao Foxo, desde o que se pode ver o pico, podemos seguir unha pista de terra que nos leva polo alto da serra ao Alto do Castro e desde a que poderemos acceder á pista que nos leva a Veneira ou a O Busto, ambos de A Pobra do Brollón.

Dentro do patrimonio xeolóxico do Concello destaca a clasificación dentro dos *Lugares de Interese Xeolóxico Españoles de Relevancia Internacional* dos “Pliegues tumbados de la Sierra del Courel”, entre os que se atopan os **Altos da Serra do Courel** (Busto, Alto da Serra e Alto do Castro), que pertencen ao Carbonífero inferior e poden ser visitados desde esta pista.



Serra do Lameiro e Pico de Leizán: desde Foilebar podemos ver o Pico de Leizán e acceder, pasando por diante da igrexa, á pista que nos leva ás serras que baixan a Vilar de Robledo, A Casela ou A Ferrería. Camiño da primeira das aldeas podemos contemplar unhas excelentes panorámicas do Val de Lóuzara e de especial singularidade son as pistas que nos levan ao lado dos regos do Pozo Verde, das Anduriñas ou do Lameiro nos que, cun pouco de sorte, poderemos atopar corzos, xabarís, perdices,...

Para subir a Foilebar desde A Cruz do Incio podemos seguir o **Roteiro dosromeiros peregrinos**, que é unha primitiva vía, posiblemente de orixe romano, que máis tarde foi camiño de romeiros que se dirixían en peregrinación a Santiago, aínda que agora ségueno os romeiros que van ao Cebreiro a comezos de setembro.

Serras de Santa Mariña e do Édramo: coñecidas polas Mámoas de Santa Mariña e outras necrópoles existentes, estas serras contan ademais cuns valores naturais e patrimoniais. Podemos cruzar a Serra de Santa Mariña saíndo de Bermún e seguindo polo alto da serra ata a estrada que vai do Val do Mao a Samos. Os pasteiros e o monte baixo vanse mudando en fragas e bosques de ribeira a medida que nos achegamos ao curso do río Mao, de forma semellante ao que ocorre na Serra do Édramo no que tamén atopamos unha maior superficie forestada, aínda que con predominancia do monte baixo.

Resulta singular ver o ben conservado que está o interior dalgunha das mámoas ao estar “habitadas” polas noites por corzos, que se gardan e vixían a presenza do lobo que aínda recorre estas serras.

Alto das Carqueixas en Airapadrón: o propio nome nos indica o tipo de vexetación que podemos atopar no entorno desta pequena aldea que se divide entre os concellos de Samos e O Incio. Sen dúbida o que destaca é a subida desde Foilebar, na que poderemos observar unhas espectaculares vistas dunha boa parte da paisaxe agraria que se localiza na depresión de Lemos camiño de Sarria.

Aínda que a espectacularidade das zonas altas ou de montaña desde as que podemos contemplar unhas panorámicas excelentes e unhas especies vexetais singulares nun entorno senlleiro e silencioso, as zonas de val, preto dos ríos, destacan pola súa frondosidade e biodiversidade e polos sons da auga e das aves mesturados cos da actividade humana.

Destacamos algúns dos lugares máis significativos do Concello de O Incio, aínda que non os únicos:

Val do Incio e Val do Mao: estes son os dous vales por excelencia do Concello de O Incio destacando pola súa fertilidade e pola presenza das actividades humanas desde fai séculos, nas que o Cabe e o Mao regan as praderías e hortas que se sitúan en torno das innumerables aldeas que existen nas súas beiras.

Curso alto do Cabe: Inmensos chopos mesturados con ameneiros, bidueiros, freixos,... sitúanse gardando o nacemento do río e as pequenas parcelas que pechan praderías e hortas en torno as aldeas de Río e Santa Mariña. Carballos e castiñeiros dominan as zonas non agrarias ata chegar a Trascastro onde xunta as súas augas co río Antigua ao lado dos muíños de Sancho e Vila.

Val do Antigua: o curso deste río aínda se ve influenciado polo clima mediterráneo, ao igual que o Val do Cabe, facéndose notar na vexetación que podemos atopar neste estreito val. Nas súas beiras localízanse vellos soutos e árbores de ribeira que gardan o gran número de muíños e presas que aínda se conservan. No seu curso tamén sen encontra a singular aldea de A Ferrería e a abandonada A Airela.

Presa de Vilasouto: esta construción modificou o clima e aproveitamentos dos terreos que a circundan desde mediados do século pasado, creando unhas paisaxes idílicas no entorno do encoro, que tamén pode divisarse desde os próximos Monte Agudo e Pena Furada.

